



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
EN DATA 18 DE ABRIL DE 2017.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta e cinco minutos do día 18 de abril de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. Montserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D. Manuel Javier Crespo Gonzalez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Paulino Rodríguez Gonzalez (que se incorpora cando se cita)

Asiste tamén con voz pero sin voto a sra. Elena Baz Rodríguez

Asiste como Secretaria a do Concello D^a. Raquel Duarte Núñez.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

**PUNTO 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (ORD.
07.03.2017, ORD. 21.03.2017 E ORD. 04.04.2017)**

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 7 e 21 de marzo e 4 de abril de 2017 ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas, polo que as referidas actas foron aprobadas pola unanimidade dos presentes nelas.

O sr. Alcalde acorda modificar a orde do día en virtude das atribucións que lle confire o artigo 113 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

**PUNTO 2.- DAR CONTA DOS DECRETOS DE SOLICITUDE DE SUBVENCIONS Ó
ABEIRO DO "PLAN CONCELLOS 2017"**

O sr. Alcalde da conta do seguinte:

Con data 30/12/2016 publicouse no Boletín Oficial de Pontevedra as "Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017" para as finalidades seguintes:

- Liña 1, Investimentos
- Liña 2, Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes
- Liña 3, Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais.

Con data 22/03/2017 distouse Decreto de alcaldía de avocación das competencias para a solicitude de subvención onde di:



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

“Segundo: Dará conta desta Resolución á Xunta de Goberno Local ...”

Polo exposto dase conta á XGL dos seguintes Decretos de Alcaldía:

DECRETO	LIÑA 1: INVESTIMENTOS
0279/2017	URBANIZACIÓN CONCEPCIÓN ARENA-ANUALIDADE 2017
0282/2017	URBANIZAICÓN RÚA SUBIDA SAN AMARIO ENTRE OS Nº 1 E 12
0290/2017	ACONDICIONAMENTO ROTONDA DA SUBIDA A ROQUE, REFORMA E MOBILIARIO CASA ALONSOS E ADQUISICIÓN DESHUMIFICADOR
0281/2017	URBANIZACIÓN RÚA CAL DO Nº 138 O 152
0289/2017	ACTUALIZACIÓN INVENTARIO DE BENS
0292/2017	PLAN ACCESIBILIDADE
0288/2017	REHABILITACIÓN E MELLORA PARQUES INFANTILES
0271/2017	ADQUISICIÓN EQUIPOS INFORMATICOS

DECRETO	LIÑA 2: GASTO CORRENTE
0246/2017	ACTIVIDADES CULTURAI: ENTROIDO
0293/2017	ACTIVIDADES CULTURAI:EXPOSICIÓN MASAT,MUSICA NAS PRAZAS,NOITES NO CASTELO E ACTIVIDADES CULTURAI VIVA A GUARDA 2017 ACTIVIDADES DEPORTIVAS: VERAN DEPORTIVO
0245/2017	ACTIVIDADES CULTURAI:FERIA DO LIBRO
0262/2017	ACTIVIDADES CULTURAI:PROGRAMACIÓN VISTAS TEATRALIZADAS
0259/2017	ACTIVIDADES DEPORTIVAS:ANDAINAS 2017
0258/2017	ACTIVIDADES DEPORIVAS:ESCOLA BALONCESTO MUNICIPAL
0260/2017	ACTIVIDADES DEPORTIVAS:X GALA DO DEPORTE
0257/2017	ACTIVIDADES DEPORTIVAS: CAMPUS DE VERÁN DEPORTIVO
0243/2017	TURISMO:TIRADA FOGOS FESTA DO MONTE
0263/2017	TURISMO:MATERIAL TURISMO
0269/2017	VIAS E OBRAS:SINALIZACIÓN HORIZONTAL DE TRAFICO E MOVILIDADE
0242/2017	VIAS E OBRAS:CAMPAÑA INFORMACIÓN REGULAMENTO DE LIXO
0291/2017	PATRIMONIO: ACTIVIDADES CENTENARIO MASAT
0240/2017	FACTURAS: FACTURAS ELECTRICIDADE

DECRETO	LIÑA 3: CONTRATACIÓN TRABALLADORES DESEMPREGADOS
0247/2017	TECNICO MEDIO AMBIENTE

PUNTO 3.- DAR CONTA DA SENTENZA Nº 18/2017 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DE VIGO (P.O. 469/2016)

A Xunta de Goberno Local dase por enterada da sentenza nº 18/2017 do Xulgado do Social nº 3 de Vigo (P.O. 469/2016) sobre recoñecemento de dereitos.

PUNTO 4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 343/2017.- D^a. DOLORES GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, PARA REPARACIÓN DOS DESCONCHADOS DE VIGAS E FORXADOS DA ESTRUCTURA DA TERRAZA E OUTROS PUNTOS DA VIVENDA, SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA CON FIBROCEMENTO E TELLA NUNHA SUPERFICIE DE 16,00 M². DA TERRAZA, REPOSICIÓN DE BAIXANTE DE PLUVIAIS, COLOCACIÓN DE 2 VENTANUCOS DE 40X30 DE ALUMINIO E PINTADO DAS FACHADAS SITA NA RÚA DE MALTESES N^o. 29, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 344/2017.- D^a. DOLORES GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, PARA SUBSTITUIR EN CUBERTA VENTÁ DE 78X98 CMS. TIPO VELUX POR OUTRA SIMILAR, LIMPEZA DE TELLADO, CAEIROS E BAIXANTES, E REPARACIÓN, IMPERMEABILIZACIÓN E SUBSTITUCIÓN DO SOLADO NUNHA SUPERFICIE DE 18,00 M². DA TERRAZA DA 3^a PLANTA DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN N^o. 13, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.465/2016.- D^a. JOSEFINA T. CADILLA LOMBA, PARA REPARACIÓN DA CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 30,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA VELLA EXISTENTE POR URALITA E TELLA PAIS VERMELLA SUXEITA CON GANCHOS INOX. CON REMATE DE ENCHAPADOS E CUMBREIRA; REFORMA DE ASEO CONSISTENTE EN PICADO DE AZULEXOS PARA POSTERIOR REVESTIDO CON MORTERO E COLOCACIÓN DE AZULEXOS NUNHA SUPERFICIE DE 16 M². E PLAQUETA EN SOLO EN 2,5 M². DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE MALTESES N^o. 101, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.744/2016.- D^a. MARÍA ELENA GONZÁLEZ MARTÍNEZ, PARA EXECUCIÓN DE FORXADO SANITARIO TIPO CAVITI EN PLANTA BAIXA E DIVISIÓNS PARA FORMACIÓN DE HABITACIÓN, BAÑO E SALÓN NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 1^o TRV. LONGRA N^o. 24, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA N^o. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 530/2017.- H. BRUSELAS, C.B., PARA MODERNIZACIÓN BAÑO NO APARTAMENTO N^o. 302 DO BAIXO CUBERTA (PLANTA 3^a) DO HOTEL BRUSELAS SITO NA RÚA DE PONTEVEDRA N^o. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).

Neste momento abandona a sesión ó Sr. Rodríguez González.

EXPEDIENTE: 786/2017.- D. VICTORIANO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, PARA PECHER PARCIAL DA PARCELA N^o. 169-POLÍGONO N^o. 15 CONTRA LINDEIRO (ZONA OESTE) NUNHA SUPERFICIE DE 27,00 M². REALIZADO CON BLOQUES E POSTES DE CEMENTO EMPOTRADOS SOBRE CIMENTACIÓN EXISTENTE SITUADA NA RÚA DE XUNQUEIRIÑAS N^o. 7, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N^o. 9 DO P.X.O.U.).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Neste momento reincorpórase á sesión o sr. Rodriguez González.

EXPEDIENTE: 872/2017.- D. MANUEL AVELINO ALONSO CIVIDANES, PARA CAMBIO DE CUBRICIÓN DO TELLADO DA VIVENDA UNIFAMILIAR CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA DO PAIS POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO ANCLADAS SOBRE CORREAS DE MADEIRA E CUBERTO CON TELLA CURVA DO PAIS NUNHA SUPERFICIE DE 118,79 M². SITA NA RÚA DE 1º TRV. ALOQUEIRO Nº. 8, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: RC-1041.- D^a. ELISA MARTINEZ SILVA, PARA REMODELACIÓN DE PORTA DE ACCESO E ESCAPARATE DO LOCAL COMERCIAL "PASTELERÍA ALAMEDA" SITO NA RÚA DE GALICIA, Nº 65-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº 1 DO P.X.O.U.)

EXPEDIENTE: RC-1094.- D^a. M^a DEL CARMEN GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, PARA REPARAR A CUBERTA DO CABANÓN NUNHA SUPERFICIE DE 15,00 M² CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS BARROTILLOS DE MADEIRA POR PERFILES PRETENSADOS E COLOCACIÓN DE TELLA DO PAIS POR ENCIMA DO TELLADO EXISTENTE SITO NA RÚA DE NETOS Nº 28, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDANS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº 7 DO P.X.O.U.).

PUNTO 5.- PROXECTO DE EXECUCIÓN

A Xunta de Goberno Local acorda deixar sobre a mesa este asunto pendente do informe técnico.

PUNTO 6.- OBRAS MAIORES

EXPEDIENTE NÚMERO: 5.642/2016.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 02-09-2016 (R.E. nº. 5.642), por **INVERSIONES LOW COST IBERÍA , S.L.** con C.I.F. nº. B-27.800.150 e con domicilio na rúa de Velázquez Moreno nº. 34-1º de Vigo-C.P. 36201, para "REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR" sita na rúa de Netos nº. 13, en Solo Urbano de Núcleo Rural de "Cividáns" da Parroquia de Salcidos (Ordenanza Nº. 7 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico básico subscrito polo arquitecto D. Federico Moreno Pike.

PRIMEIRO.-

1.1.- Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto municipal D. Antonio Hernández Crespo de data 07-12-2016, considérase **favorable** a solicitude de licenza para "rehabilitación de vivenda unifamiliar" desenvolvida en (planta baixa e planta primeira).

1.2.- Unha vez obtida a licenza municipal non se poderá comenzo as obras de edificación en tanto non se achegue ó Concello o correspondente proxecto de execución visado conforme establece o RD. 1000/2010.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

SEGUNDO.-

2.1.-Visto o informe xurídico subscrito polo asesor D. Carlos Potel Alvarellos, e tendo en conta tamén que se vai autorizar a excepcionalidade das normas de habitabilidade que contan con informe favorable do arquitecto, non se observa na solicitude obxecto do presente informe ningún inconvincente para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente** e formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º.- Concede-la autorización de excepcionalidade no cumprimento das normas de habitabilidade do anexo I do Decreto 29/2010 que se relacionan no informe do arquitecto municipal de 01-12-2016, as cales deben indicarse expresamente na autorización que se conceda a favor da Entidade Inversiones Low Cost Iberia, S.L.. **Dita autorización debe ser notificada o IGVS en Pontevedra ós efectos do previsto no artigo 17 do devandito Decreto.**

2º.- Concede-la licenza municipal de obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar sita na rúa de Netos nº. 13 a favor de Inversiones Low Cost Iberia, S.L., impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, debendo consignar o texto da licenza todo-os extremos relacionados no artigo 357.4 do DECRETO 143/2016, de 22 de setembro, polo que aprobouse o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e unha vez concedida deberán sellarse e dilixenciarse os distintos documentos e os planos do proxecto, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse os interesados. Así mesmo, debe advertirse o titular da licenza que non poderá comenza-las obras ata que aporte o correspondente proxecto de execución visado polo colexio profesional competente e **se lle dea o visto bo pola Oficina Técnica municipal.**

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **INVERSIONES LOW COST IBERÍA, S.L.**, licenza para "REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR" sita na rúa de Netos nº. 13, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnicos e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

EXPEDIENTE NÚMERO: 7.838/2016.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 16-12-2016 (R.E. nº. 7.838), pola **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS TOMIÑO, 7** con C.I.F. nº. H-36.209.906 representada por D^a. ESPERANZA PENA ALONSO con D.N.I. nº. 35.556.266-Z e con domicilio na rúa de Tomiño nº. 7-1º I de A Guarda-C.P. 36780, para “INSTALACIÓN DUN ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS” sito na rúa de Tomiño nº. 7, en Solo Urbano (Ordenanza Nº. 1 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico básico e execución subscrito pola arquitecta D^a. Carolina Couselo Fariña.

PRIMEIRO.-

1.1.- Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto municipal D. Antonio Hernández Crespo de data 16-02-2017, considérase **favorable** a solicitude de excepcionalidade para o proxecto presentado, cumprindo co Decreto 29/2010 de habitabilidade de vivendas de Galicia.

1.2.- Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto municipal D. Antonio Hernández Crespo de data 16-02-2017, considérase **favorable** a solicitude de licencia para “instalación dun ascensor en edificio de vivendas”.

SEGUNDO.-

2.1.-Visto o informe xurídico subscrito polo asesor D. Carlos Potel Alvarellos, e tendo en conta tamén que se vai autorizar a excepcionalidade das normas de habitabilidade que contan con informe favorable do arquitecto, non se observa na solicitude obxecto do presente informe ningún inconvinte para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente** e formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º.- Concede-la autorización de excepcionalidade no cumprimento das normas de habitabilidade do anexo I do Decreto 29/2010 que se relacionan no informe do arquitecto municipal de 16-02-2017, as cales deben indicarse expresamente na autorización que se



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

conceda a favor da Comunidade de Propietarios da rúa Tomiño nº. 7. **Dita autorización debe ser notificada o IGVS en Pontevedra ós efectos do previsto no artigo 17 do devandito Decreto.**

2º.- Concede-la licenza municipal de obras de instalación de ascensor en edificio sito na rúa Tomiño nº. 7, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, debendo consignar o texto da licenza todo-os extremos relacionados no artigo 357.4 do DECRETO 143/2016, de 22 de setembro, polo que aprobouse o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e unha vez concedida deberán sellarse e dilixenciarse os distintos documentos e os planos do proxecto..., con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse os interesados.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS TOMIÑO, 7**, licenza para "INSTALACIÓN DUN ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS" sito na rúa de Tomiño nº. 7, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnicos e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

PUNTO 7.- COMUNICACIÓN PREVIA DE LICENZAS DE APERTURA

Exp. Nº 761/2017 de data 08.02.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D. RUBÉN DARRIBA LORENZO, con enderezo na Rúa Baixada á Armona, nº 4 da Guarda, para inicio de actividade de DESPACHO ARQUITECTURA (Epíg. 411.2) no local sito na rúa Galicia, nº 18-baixo D da Guarda, e visto o informe favorable de data 22 de marzo de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D. RUBÉN DARRIBA LORENZO licencia municipal nº 6/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de DESPACHO ARQUITECTURA (Epíg. 411.2) no local sito na rúa Galicia, nº 18-baixo D da Guarda.

E Non habendo máis asuntos que tratar o sr, Presidente da por rematada a sesión ás 09.29 minutos do día da data, da que eu como secretaria dou fe.